

Normas de seguridade para o emprego da estación de soldadura *JBC CD-2BD Soldering station for general purposes*

1. Para poder traballar coa estación de soldadura é preciso solicitar permiso á dirección do CITIUS. O permiso será solicitado por un investigador adscrito ao centro, que será o responsable de tramitar as solicitudes para o persoal en formación que traballa baixo a súa responsabilidade.
2. Queda prohibido o emprego do equipo por parte de traballadores sen autorización.
3. A estación de soldadura non poderá ser empregada por persoal que non teña realizado o correspondente curso de soldadura.
4. Antes de traballar coa estación, será obrigatoria a lectura do manual de usuario e a ficha de riscos, depositadas no Laboratorio de Instrumentación.
5. Seguirase en todo momento as indicacións de seguridade establecidas polo fabricante.
6. É obrigatorio o emprego de lentes de protección na utilización do equipo de soldadura con fío de estaño.
7. A zona de traballo deberá estar ben ventilada.
8. Non mollar o aparello nin usalo en ambientes húmidos.
9. Non tocar a punta do soldador mentres estea quente, xa que pode estar a unha temperatura duns 350° C.
10. Non empregar o soldador en presenza de gas ou materiais inflamables nin en ambientes nos que haxa perigo de incendio ou explosión.